

**Programación didáctica (Adaptación 3º trimestre)**

**curso 2019-20**

**Centro: CEIP Virxe da Pena da Sela**

**Cursos 5º e 6º de Infantil**

**Materias: Areas de Coñecemento de autonomía Persoal, Coñecemento do Contorno e Linguaxes comunicación e representación.**

**Data: 12 de Maio de 2020**

Seguindo **os obxectivos** presentes na nosa Programación que brevemente enumero:

.Coñecemento do seu propio corpo, o dos demais e as súas posibilidades de acción

.Explorar o seu contorno familiar, natural e social.

.Adquirir progresivamente autonomía

.Relacionarse de forma positiva, resolver pacificamente os conflitos.

.Desenrolar habilidades comunicativas

. Desenrolar habilidades lóxico-matemáticas, e de lectoescritura...

.Achegarse as tecnoloxías de información.

**Criterios de Avaliación** das distintas áreas e os seus descritores.

De continuidade coa 1ª e 2ª avaliación e tendo en conta a situación extraordinaria deste 3º trimestre, enumero os criterios xa establecidos con anterioridade .

**Área de Coñecemento e autonomía persoal**

Criterios de Avaliación:

1 .Dar mostra dun coñecemento progresivo do seu esquema corporal e dun control crecente do seu corpo global e sectorialmente.

\_Expresa os seus sentimentos e emocións a través de este e movementos.

\_Discrimina distintas posicións corporais e é capaz de reproducilas (agachado, sentado, de pé, tombado).

\_Isto provocará que mediante decretos traten de derrocar as ideas do Antigo Réxime e establecer un novo sobre as bases do liberalismo político.

\_Percibe diferenzas e semellanzas básicas entre persoas.

2. Participar nos xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas e regulando e expresión de sentimentos e emocións.

\_Realiza desprazamentos en distintas posturas

\_Reproduce movementos a partir de consignas non verbais.

3. Realizar autónomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer necesidades básicas...

\_Gústalle colaborar na preparación da comida (axuda a poñer e quitar a mesa)

\_É capaz de concentrarse bastante tempo nunha actividade.

### **Área de Coñecemento do contorno**

Criterios de Avaliación:

1. Discrimina obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñece os seus atributos e cualidades. Agrupa, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.

\_Expresa e identifica sensacións que percibe co contacto con obxectos

\_Xoga espontaneamente un xogo simbólico (cociña, casa, tenda, perruquería...)

-Usa os números en actividades da súa vida cotián.

\_Conta sinalando ata un mínimo de 10 obxectos.

\_Iniciase na suma e na resta.

\_Oriéntase en relación co as rutinas habituais (almorzar, recreo, comer, sesta, etc.)

-Distingue entre día-noite, antes-despois, días de festa...

\_Diferencia calidades como moito-pouco, todo-nada, largo-corto, ancho-estreito, etc.

2. Dar mostras de interese polo medio natural, identificar e nomear algúns dos compoñentes, establecer relacións sinxelas de interdependencia, manifestar cara a natureza e participar en actividades para conservala.

\_Coñece algúns paisaxes naturais (bosque, praia, etc.)

\_Nomea e recoñece diversos animais e plantas.

\_Pon os materiais no contenedor correspondente (orgánico, papel, plástico e vidro)

3. Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno, algunhas características da súa organización e os principais servicios comunitarios que ofrece.

\_Coñece os nomes da súa familia máis próxima e o grado de parentesco entre eles.

\_Diferenza establecementos máis habituais (panadería, farmacia...)

### **Área de Llinguaxes: Comunicación e representación.**

Criterios de Avaliación:

1. Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva cos seus iguais e con adultos.

\_Utiliza a linguaxe oral espontaneamente en situacións de xogo, traballo, rutinas.

\_Utiliza estruturas afirmativas, negativas, interrogativas, admirativas e imperativas adecuadamente con entoación.

\_As súas produccios orais son comprensibles.

\_Adiviña un obxecto pola súa descrición.

\_Escoita con atención.

2. Mostra interese polos textos escritos presente na aula e no contorno próximo, iniciándose no uso e na comprensión das finalidades e no coñecemento dalgúñas características do código escrito. Interésase en participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula.

\_Relaciona no texto escrito cos debuxos e as imaxes que o acompañan

\_Usa a linealidade nos seus escritos.

\_Recoñece e le as vogais

\_Recoñece e le as consoantes.

\_Le e escribe algúñas palabras.

3. Exprésase e comunícase utilizando os diferentes medios, materiais e técnicas propios dos diferentes linguaxes artísticos, e audiovisuais.

\_Usa instrumentos musicais como fonte de diversión.

\_Imita sons familiares.

\_Adecua o colorido o trazo do debuxo.

-Represente o seu esquema corporal dacordo a súa idade.

- escoita e entende as cancións/rimas en inglés.
- Intenta participar nas cancións/rimas (letra, accións ou as dúas cousas) en inglés.
- Pode seguir un conto en inglés.
- Completa as fichas de inglés.

### **AVALIACIÓN**

A avaliación é unha parte inseparable do proceso educativo, valora os procesos de desenvolvemento do alumnado así como as aprendizaxes. Considerado como un proceso continuo, global e formativo, tendo en conta que este último período escolar non houbo clases presenciais, valorase o acadado ata o remate do 2º trimestre e a súa participación na plataforma onde presentan os traballos feitos na casa. O fin do período presentarase un boletín trimestral cos mesmos criterios presentes na anterior avaliación.

### **ACTIVIDADES**

\_Actividades plantexadas a través da plataforma que inciten a observar imaxes, obxectos, facer conteo de tales obxectos, representación, expresión nas distintas linguaxes, así como interiorizar coñecementos da súa realidade.

Para non esquecer as bases da escrita, facer grafismos das vogais, consoantes, palabras segundo sexan de 4 ou 5 anos. Tamén pequenas lecturas relacionadas para os máis grandes.

### **MÉTODOLOXIA E RECURSOS DIDÁCTICOS**

-A metodoloxía base está fundamentada no principio da **Aprendizaxe Significativa** e que supón:

.Detectar os coñecementos previos

.Presentar situacións que non estean moi afastadas nin excesivamente próximas as súas experiencias para provocalo conflito cognitivo.

-Planificación de eixes temáticos que agrupan os contidos. Visión Globalizadora, socializadora en colaboración coa familia.

No tocante a os **Recursos didácticos**:

Plantexouselle unha plataforma para comunicarnos e transmitir contidos:**GOOGLECLASROOM**.

Os recursos próximos do seu contorno, contos, obxectos, materiais para modelado,debuxo, recortado...